

ct

# Run baby run

de  
Fátima Delgado

traducido por  
Fátima Delgado

*(fragmento en galego)*

## PRÓLOGO

*Hai ruídos de animais e respiracións que crean un universo máxico. En escuro entra CRONO coa macebell. Fai movementos pendulares. ALBA leva roupa deportiva, está preparada para a saída da carreira.*

*CRONO comeza a facer exercicios no aire coa súa macebell, marca o tempo coa súa maza. Nos carrís de atletismo ALBA fai series de skipping. Cando ALBA volve camiñando de cada serie CRONO para de mover a maza. Despois de repetir estas carreiras varias veces, CRONO deixa a macebell e sae.*

*ALBA na pista de atletismo corre de distintos xeitos. Oímos as chocas dos peliqueiros. PELIQUEIRO 1ponse de pé no muro e empeza a mover as chocas no sitio, con pequenos rebotes no chan. Leva a máscara posta, o cinto coas chocas e as súa zamarra.*

*É febreiro e vai frío. ALBA corre e PELIQUEIRO 1 vai tras ela. PELIQUEIRO 1 corre dun lado a outro, párase desafiante, sempre movendo as chocas. PELIQUEIRO 1 marcha e entra CATI na distancia.*

## ESCENA I - O ENCONTRO

ALBA

Cati!! Que fas aquí?

CATI

Vin ao Entroido coa miña familia.

*ALBA non sabe que dicir.*

ALBA

Como me atopaches?

CATI

Vexo que estás en forma.

ALBA

Saio a correr todos os días. Por sorte non me cortaron as pernas.

CATI

Ás veces penso que se/

ALBA

Cala a boca! Que as formigas se che poden meter ata na lingua.

*(Silencio.)*

ALBA

Cati, para que viñeches?

CATI

Para verte.

ALBA

Pois xa me viches. Estou exactamente igual que hai dez anos.

CATI

Non. Non o estás. A túa ollada é diferente.

ALBA

Teño os mesmos ollos.

CATI

Teñen un brillo que antes non tiñan.

ALBA

Agora son máis escuros, como a terra. Fíxenme maior. Por fin acéptome tal e como son.

CATI

Eu tamén me fixen maior. Comprei unha casa. Na mudanza apareceu a caixa... E non fun quen de tirala, así que cha trouxen.

ALBA

E, que cona queres que faga eu agora coa caixa?

CATI

Non o sei. É túa, son os teus recordos, as túas cousas.

ALBA

Pois Pandora non quere abrir a súa caixa. Non ves o brillo nos meus ollos?

*CATI deixa a caixa no chan.*

CATI

*(Saíndo.)* Perdoa. Non quería amargache o Entroido.

*ALBA mira a caixa. Quita a chaqueta. Agáchase e abre a caixa no chan. ALBA saca o seu pantalón e pono. CATI quita o abrigo e as gafas. ALBA saca a trenza e cóllea na man.*

## ESCENA II - A NOVA

*CATI entra vestida de adestradora e faille a trenza a ALBA. Volven dez anos atrás. É verán e brilla o sol. Iluminase a pista de atletismo.. CATI de cando en vez mira e cronometra no seu reloxo dixital.*

CATI

Pero, aínda estás así? Bule! Aquí non se vén durmir.

ALBA

*(Vestíndose.)* Vou...

CATI

*(Facéndolle a trenza.)* Parece mentira, co rápida que es na pista e aquí a dous por hora.

ALBA

Nin un día de tregua. Acabamos de volver e/

CATI

Cariño, se che dera tregua non serías campioa do mundo.

ALBA

Amén.

*CATI tíralle do pelo.*

ALBA

Que di a prensa?

CATI

Nada interesante.

ALBA

A ver, ho, falan de min?

CATI

Si, claro. Din: Alba Loureiro debería deixar de perder o tempo en parvadas e poñerse a adestrar, se quere chegar a punto para os Xogos Olímpicos.

ALBA

Moi graciosa.

CATI

E sabes que máis din: con ese pelo que leva parece un unicornio do *Todo a Cen...*

ALBA

Xa sei que o meu cabelo multicolor dálles envexa.

CATI

Veña, skipping alto.

ALBA

Oes, e nas redes, que din?

CATI

Serás pesada! Empuxa o chan.

ALBA

*(Facendo skipping baixo.)* Publicaron algo da festa? Colgarían algunha foto?

CATI

Despois o ves. Non tenses. Eses ombros.

ALBA

Cati, por favor, que non se gaña un Mundial todos os días.

CATI

Ui, que repunanta! *(Mira o seu reloxo.)*

PELIQUEIRO 1

Unha atleta denuncia a Alba Loureiro por facer trampas na final do mundial.

ALBA

Que?

PELIQUEIRO 2

A deportista galega é acusada de tomar substancias ilegais para gañar o ouro.

ALBA

Que merda é isto?

CATI

Isto son só rumores. Non hai nada confirmado.

ALBA

Rumores? Sabes de sobra que non me dopei.

CATI

Digo a denuncia. Ninguén notificou nada.

ALBA

Sábeo a prensa antes ca nós/

CATI

Estasme oíndo? A denuncia pode ser unha trola. Estou segura de que é mentira. Veña! Uns progresivos.

*ALBAponse a correr dun lado a outro.*

ALBA

Vaia lercha!

CATI

Alba!

ALBA

Non me van deixar nin desfrutar do meu éxito?

CATI

Non hai nada de que preocuparse. A correr! Quérote concentrada.

ALBA

Envexosa de merda!

CATI

Cala a boca e move o cu. As mellores non falan mentres corren.

ALBA

Non teñen probas.

*ALBA deixa de correr e sae. Os PELIQUEIROS párana. PELIQUEIRO 1 colócalle a camiseta. ALBA sóbese na caixa para dar a rolda de prensa e non pode. CATI colle o micrófono para dar a rolda de prensa e ALBA sae.*